O voceiro do Grupo Mixto indica que está a favor das palabras da voceira do PSdG-PSOE. Tamén quere resaltar que hoxe á mañá, cando se leu a declaración institucional, o resto dos grupos da oposición non a posuían. Se é unha declaración institucional do Concello debería ser un texto onde todos puidéramos colaborar e opinar, antes de facela pública.

Por outra banda, gustaríalle introducir unha emenda, relativa a algo que xa se está facendo en varios Concellos e que rezaría así: *"O Concello de Lousame fomentará e instalará unha caravana ou punto morado os días dos festexos populares máis relevantes no Concello".*

Estas caravanas o que fan nas festas e ter un psicólogo e expertos que dan axuda a todas as rapazas que se poden atopar nunha situación de violencia machista nunha festa popular. Danlle asesoramento, acompáñanas a poñer unha denuncia no caso de ser preciso, etcétera. Houbo unha experiencia este ano na Festa do Albariño. Alí acudiron moitas mozas expoñendo condutas que elas non consideraban que fosen machistas; pero que unha vez que falaban con expertos na materia eran conscientes de que as súas parellas tiñan condutas machistas sobre elas. Por exemplo, no caso de Lousame, poderíase facer o venres das festas de San Roquiño. Hai subvencións da Deputación e da Xunta para poder facelo.



A Alcaldesa sinala que as Festas do Albariño non son comparables coas festas de Lousame. Para poder acordar algo así habería que ver se o Concello obtén unha liña de subvencións, se hai dotación orzamentaria ou non...

A Alcaldesa tamén quere recordar que a Mesa contra a Violencia de Xénero en Lousame está traballando moi ben e facendo unha labor importante. O mesmo o colexio, o centro de saúde, etcétera. A nivel escolar hai que seguir. Estamos elaborando campañas, pero hai que seguir traballando nesa dirección: educación.

A Alcaldesa concreta a emenda a proposta do Grupo Mixto: *Instar ao Concello de Lousame a: fomentar e instalar unha caravana ou punto morado os días dos festexos máis relevantes no Concello, sempre que exista dotación orzamentaria que o permita.*

Finalizada a quenda de intervencións, a Alcaldía sinala que vai someter a votación a proposta de acordo, coas dúas emendas introducidas a petición do PSdG-PSOE e Grupo Mixto.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

"O Concello de Lousame ACORDA:

1. Comprometerse a elaborar un estudo xurídico sobre as reformas que deberán implantarse, no ámbito das ordenanzas municipais, para que teñan perspectiva de xénero e así evitar discriminacións cara as mulleres nas políticas públicas locais e nos orzamentos.
2. Continuar impulsando e apoiando a creación e continuidade de asociacións de mulleres como espazo de participación e empoderamento feminino e apoio a outras mulleres en risco de vulnerabilidade ou violencia de xénero.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Instar ao Goberno central ao cumprimento efectivo do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, impulsando as modificacións lexislativas pendentes a adoptando as medidas recollidas neste Pacto en materia de prevención, detección e atención integral.
4. Seguir promovendo a formación do persoal municipal no ámbito da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, así como apoiar a continuidade da Mesa Local de Coordinación Interistitucional contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia.
5. Implicarse en campañas publicitarias contra a violencia de xénero, así como a elaboración de materiais que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre a violencia sexual en espazos públicos. Así mesmo, fomentar o establecemento de vixilancia por parte das forzas e corpos de seguridade do Estado, nos denominados puntos negros, tales como aparcadoiros, canellóns ou pasadizos.
6. Instar á Xunta de Galicia a: Colaborar permanentemente cos concellos, así como seguir fomentando a Rede Galega de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, en colaboración coa Fegamp, en materia de formación, prevención e sensibilización, así como o apoio técnico necesario aos concellos no ámbito da loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres.
7. Instar á Xunta de Galicia a: unha maior claridade nas campañas en contra da violencia na defensa das mulleres, para que non sexan interpretables.
8. Instar ao Concello de Lousame a: fomentar e instalar unha caravana ou punto morado os días dos festexos máis relevantes no Concello, sempre que exista dotación orzamentaria que o permita"



## 5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN SOBRE A DERROGACIÓN DOS INCENTIVOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A Alcaldía, da conta do ditame da CIACP e proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

---

"O Concello de Lousame ACORDA: Instar ao Goberno de España, en concreto ao Ministerio de Traballo e Economía Social, a que proceda, sen dilación, a retirar o anteproxecto de lei que regula os incentivos á contratación laboral e outras medidas de impulso e mantemento do emprego estable e de calidade por resultar altamente prexudicial para o emprego das persoas con discapacidade."

---

A Alcaldía dálle a palabra ao primeiro tenente de Alcalde, don Ramón Manuel Martínez Rial, que indica que lle gustaría emendar a moción xa que, unha vez presentada tivo lugar unha modificación lexislativa, o día 11 de novembro, que afecta á mesma.

A Alcaldía tamén quere agradecer o traballo das organizacións afectadas como a ONCE, e tamén o traballo da oposición, neste caso do Partido Popular no Congreso dos Deputados, que posibilitou o cambio lexislativo.

A proposta de acordo emendada que se somete a aprobación sería:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

"O Concello de Lousame insta ao Goberno de España, en concreto ao Ministerio de Traballo e Economía Social, a que proceda, sen dilación, a restablecer o diálogo coas organizacións do sector e as Comunidades Autónomas así como consolidar a inclusión das persoas con discapacidade a través do emprego protexido"

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE quere salientar unha cousa. Dende o Ministerio de Traballo e Economía Social garantizouse que sempre que houbese unha modificación ou ampliación se falaría coas organizacións implicadas.

A Alcaldía somete a votación a proposta de acordo emendada, tal e como a leu o primeiro tenente de Alcalde, don Ramón Manuel Martínez Rial.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

"O Concello de Lousame insta ao Goberno de España, en concreto ao Ministerio de Traballo e Economía Social, a que proceda, sen dilación, a restablecer o diálogo coas organizacións do sector e as Comunidades Autónomas así como consolidar a inclusión das persoas con discapacidade a través do emprego protexido"



## 6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN SOBRE A NON REVISIÓN DO DELITO DE SEDICIÓN

O 1º Tenente de Alcalde, don Ramón Martínez Rial, a petición da Alcaldía, da conta do ditame da CIACP e proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

---

"O Concello de Lousame insta ao Goberno de España para que, a través do presidente e secretario xeral do PSOE, proceda a:

**PRIMEIRO**.- Retirar de maneira inmediata a iniciativa parlamentaria presentada nas Cortes Xerais e non levar a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición.

**SEGUNDO**.- Cumprir, acatar e respectar a Constitución española, aprobada de xeito maioritario polo pobo galego e no conxunto de España, na que non ten cabida a sedición nin os referendos ilegais, e, sobre todo, ratificar o artigo 2 da mesma: *"a Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas"*

---

A Alcaldía abre a queda de intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE, dona Beatriz González Bargo, sinala que esta lei ten por obxecto harmonizar o Código Penal Español, polo que respecta a este tipo de delitos, con algunhas das principais democracias europeas como Alemaña, Bélxica, Francia, Suíza, etcétera. En liña con eses países créase o delito de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

desorde público agravado, que substitúe ao de sedición, e castigará aos que actúen con violencia ou intimidación, no seo dunha multitude capaz de alterar a orde pública para impedir que se apliquen leis, resolucións administrativas ou xudiciais. A pena establécese entre 3 e 5 anos de prisión e inhabilitación especial para emprego e cargo público no mesmo tempo. No caso de autoridades que cometan este delito a inhabilitación será absoluta e o tempo de 6 a 8 anos. Nos países europeos cunha tradición xurídica semellante á que ten España non existe o delito de sedición. Esta Lei homologa o noso Código Penal ao dos países da Unión Europea. A sedición é unha figura obsoleta, que en España vén do 1822 e que en Europa xa se superou fai tempo. Con esta reforma establécese unha denominación máis actual e Europea e un rango de penas similar. En Alemaña, chámase quebrantamento da paz pública, con penas de até 3 anos de prisión. Francia, rebelión, até 3 anos de prisión. Italia, resistencia a un funcionario público, de 6 meses a 5 anos. Suíza, violencia ou ameaza sobre autoridades ou funcionarios públicos, 3 anos de prisión. Bélxica, rebelión, de 1 a 5 anos. A vantaxe de facer esta homologación e que facilitará a cooperación con outros Estados Membros dentro da Unión Europea. Permitirá que se cumpra o requisito de dobre incriminación que se esixe nas ordes de extradición europeas. A falla de sintonía entre o noso Código Penal e o de outros países creou "santuarios" para os atentados contra a orde pública. Non é unha concesión ao independentismo posto que o seu obxectivo non é a amnistía. Unha demanda que o PSOE rexeita e que non entra nin na lexislación española. Os delitos cometidos polos líderes independentistas en Cataluña no ano 2017 continuarán recollidos e tipificados no Código Penal Español. Os feitos do 1 de setembro e do 1 de outubro do 2017 non quedan despenalizados. Se volve xurdir un delito con episodios violentos coma o do 2019 onde se impida ás autoridades actuar, o Estado terá agora un instrumento máis eficaz e con penas homologadas a Europa. Nun Estado de Dereito deciden os xuíces. Agora non terán que xulgar delitos no ano 2022 cunha ferramenta do ano 1822. Esta proposición de Lei incluirá a modificación de moitos outros delitos para homologar a nosa lexislación á europea. Esta proposición de Lei garantiza a convivencia e o encontro con Cataluña, que se atopa mellor agora que no 2017. E tamén hai un compromiso por parte da Generalitat a cumprir co ordenamento e coas solucións que sexan amplas en transversais. Foi un acordo da Mesa de Diálogo, en xullo deste ano.



O voceiro do Grupo Mixto toma a palabra para dicir que lle parece que esta moción non é do Partido Popular, senón de VOX. Este é un falso debate que o PP trae ao Concello de Lousame. Poderían ter traído hoxe ao Pleno unha moción que si sería necesaria para o noso Concello, como sería chegar a un acordo, para poder presentar unha emenda aos Orzamentos da Xunta que en ningún sitio recollen unha partida para Lousame. E aquí dedicámonos a traer mocións a este Salón de Plenos que nin lle vai nin lle vén, á Corporación de Lousame. O que se quere é desviar a atención. A Alcaldesa dixo un montón de veces que non se trouxesen a este Salón de Plenos mocións que non tivesen que ver con Lousame. E esta moción é unha delas.

Por outra banda, quere dicir que parece ser que en España as Leis non poden redactarse na sede de Esquerra Republicana, nin pola conveniencia de políticos coma Pedro Sánchez. Sen embargo, si poden ser redactadas polo Partido Popular, partido no que fai menos dun ano que tomou posesión como xefe supremo o Sr. Núñez Feijóo, e acaba de ser condenado outra vez por prevaricación. Ningún país europeo moderno ten na súa lexislación o delito de sedición. Afirma que ten amigos dentro do partido socialista, a nivel do Estado, que están traballando no Congreso dos Deputados, dóelle bastante ter que escoitar o argumentario da moción. Pregúntalle á Alcaldesa que considera que é maior calidade democrática. O que pensan os demais partidos non é democracia?

A Alcaldesa contesta que para ela é o respecto á Constitución.

O voceiro do Grupo Mixto, sorpréndese de como pode ser o respecto á Constitución; que o Partido Popular modificou cando lle veu en gana. O PP, coa axuda do partido socialista, cambio a constitución fai poucos anos. Parece que a Constitución só se pode cambiar cando lle vén ben ao Partido Popular. Aí é democracia. Se o propoñen os demais, non o é. No arco parlamentario en Madrid están representadas todas as formacións políticas. Polo tanto, o que se aprobe alí é totalmente democrático. E menos mal que durante esta crise que estamos a padecer non estamos sendo gobernados polo Partido Popular coa axuda de VOX, senón xa se vería como estaríamos a padecer.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía toma a palabra para dicir que van apoiar a moción tal cal está. Considera que si ten que ver con Lousame, xa que pertence ao Estado Español. E lles parece moi grave o que está pasando. En relación ao cambio da Constitución, dicir que foi unha proposta do PSOE, que aceptou o PP, relacionada cunha cuestión nacional relativa á economía. E recordámolo todo perfectamente.

Non habendo máis intervencións somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e catro (4) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

"O Concello de Lousame insta ao Goberno de España para que, a través do presidente e secretario xeral do PSOE, proceda a:

**PRIMEIRO**.- Retirar de maneira inmediata a iniciativa parlamentaria presentada nas Cortes Xerais e non levar a cabo ningunha modificación do Código penal que supoña derrogar o delito de sedición.

**SEGUNDO**.- Cumprir, acatar e respectar a Constitución española, aprobada de xeito maioritario polo pobo galego e no conxunto de España, na que non ten cabida a sedición nin os referendos ilegais, e, sobre todo, ratificar o artigo 2 da mesma: "a Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de todos os españois, e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas"



## 7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN SOBRE OS PEAXES ESTATAIS NA AP9 E AP53

O 1º Tenente de Alcalde, don Ramón Martínez Rial, a petición da Alcaldía, da conta do ditame da CIACP e proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

---

"O Concello de Lousame insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas a conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas"

---

A Alcaldía abre a queda de intervencións.

A voceira do PSdG-PSOE, dona Beatriz González Bargo, comenta que lles parece estupendo todas as medidas que se poidan adoptar e que permitan abaratar os custos tal e como están os bolsillos dos cidadáns. Para iso está marabillosamente ben pensado. Sen embargo, están a pedir unha conxelación nas peaxes da AP9, unha concesión que foi obxecto de tres prórrogas á marxe da lexislación da UE, outorgándolle de xeito directo a ampliación e sen darlle oportunidade a terceiros competidores, que puideran presentar outras alternativas máis beneficiosas para os usuarios e as arcas públicas. Estas peaxes están concedidas por 75 anos, derivado desas ampliacións da concesión. E esta decisión está sendo revisada pola UE. Se o PP de Lousame recoñece que foi un erro do seu partido, eles estarían dispostos a apoiar esta moción. O Sr. José María Aznar, no ano 2000, ampliou a concesión durante 36 anos máis. De todos os xeitos, o Goberno de España está a conceder axudas de 53 millóns de euros para bonificar as viaxes de volta.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa sinala que esas bonificacións xa existen fai tempo. Pero agora o tramo Santiago-Coruña está en 7,20 e agora vaise incrementar nun 9%. É unha barbaridade.

A voceira do PSdG-PSOE coincide en que é un prezo moi elevado.

A Alcaldesa sinala que seguramente se puideron ter feito as cousas mellor no pasado. Houbo infraestruturas que foron subvencionadas... Ela non entra nestas cuestións. O pasado está aí e non se pode cambiar. Poden recoñecer que se fixo mal... Pero hoxe en día o que hai que pedir é que o Estado impida ese incremento tan elevado.

A voceira do PSdG-PSOE insiste en que o beneficio de AUDASA é de 1 de cada 3 euros.

A Alcaldesa insiste en que o que temos que intentar é que non repercuta nos cidadáns esa subida, sobre todo naqueles máis vulnerables. Que se reúnan con AUDASA e que fagan o que teñan que facer, xa que esta si que é unha competencia do Estado.

O voceiro do Grupo Mixto, sinala que está de acordo co que di a moción. A AP9 é unha das autopistas máis caras do Estado. Gustaríalles incluír unha emenda no seguinte sentido: *"O Concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a iniciar os trámites de transferencia da AP9 e AP53 a Galicia"* Gustaríalle que ao Sr. Feijóo non se lle olvide este tema, agora que está en Madrid. E que o Sr. Rueda, mentres sexa Presidente da Xunta tamén incida neste asunto.

A Alcaldesa indica que o Sr. Núñez Feijóo solicitou en varias ocasións a dita transferencia, en sede parlamentaria. Non hai ningún problema por engadir esa emenda á moción.



Non habendo máis intervencións, a Alcaldía somete a votación a proposta xunto coa emenda presentada polo Grupo Mixto.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP, Grupo Mixto e do PSdG-PSOE: Beatriz González Bargo e Iván Bermúdez Castro) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do PSdG-PSOE Julio M. D. Paradela Busto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

"Primeiro: O Concello de Lousame insta ao Goberno de España a que adopte as medidas encamiñadas a conxelación das peaxes nas autoestradas estatais, a AP-9 e a AP-53, similares ás que adoptou o Goberno galego nas autoestradas autonómicas

Segundo: O Concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a iniciar os trámites de transferencia da AP9 e AP53 a Galicia"

## 8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 539/2022 Á 673/2022

A Alcaldía da conta das Resolucións da Alcaldía, da núm. 539/2022 á núm. 673/2022, que foron remitidas aos voceiros dos GPM.

A Corporación dáse por enterada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## 9. DACIÓN DE CONTA DO PMP RELATIVO AO 3º TRISMESTRE DO 2022

A Alcaldía da conta do Período Medio de Pago a provedores relativo ao 3º trimestre de 2022, que ascendeu a 11,61 días.

A Corporación dase por enterada.

## 10. INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

Non se presentan mocións por razón de urxencia.

## 11. ROGOS E PREGUNTAS



A Alcaldía pregunta se alguén quere facer rogos e preguntas.

A voceira do GPM do PSdG-PSOE plantexa os seguintes rogos e preguntas:

*1.- No Decreto 618 no vial de Tállara a Sanguiñal, hai uns tacos que, parece ser, segundo a normativa actual non se deben colocar.*

Alcaldesa: Entón hai unha discrepancia técnica que debe ser revisada. Ese cruce é considerado perigoso e se colocaron por ese motivo. Traerá o regulamento no que se apoiou o proxectista, e se o técnico non ten razón, que se levanten. Así de claro.

*2.- No Decreto 621 fálase dunha biotrituradora. Para onde é? Que é?*

Primeiro Tenente de Alcalde: Estase promocionando o uso de composteiros, a nivel individual e comunitario. Para facer un compost de calidade, é preciso ter unha fracción seca. Para facilitar a consecución desa fracción seca, o Ministerio de Transición Ecolóxica, subvencionou a adquisición dunha biotrituradora. A biotrituradora astilla madeira, para crear esa fracción seca, que é preciso engadir ao composteiro. Métese materia orgánica e posteriormente é preciso meter un estruturante.

*Onde está colocada a biotrituradora?*

Primeiro Tenente de Alcalde: É móbil.

Alcaldesa: Pode ser utilizada por un particular; e tamén se coloca onde están os composteiros comunitarios: A Silva, San Xusto e Centro de Día.

*Podería solicitala un particular?*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Hai que estudiar o suposto. Porque hai que trasladala. E hai que facer un bo uso dela. Xa que tamén a súa utilización supón un perigo. Foi obtida grazas á subvención PIMA PEMAR que poden consultar cando consideren conveniente. Estívose facendo unha campaña de información e charlas en todas as parroquias. Nun sitio como Lousame, eminentemente rural, elaborar compost, é unha boa idea e unha boa saída. Hai que tentar facer a campaña o mellor posible, co seguimento por parte da enxeñería que se ocupa disto, a ver se pouco a pouco da os seus froitos. É triste dicilo, pero a veces a xente só reacciona ante unha sanción. Hai que tentar entre todos facer unha separación do lixo en orixe. Botar o cartón, no colector de papel; o plástico, no colector do plástico; o aceite, no colector do aceite. Ademais, non facelo provoca moitos estragos. Dicir que aínda queda algún composteiro individual, por se alguén está interesado. Non moitos, pero hai sobre 8 unidades.

*3.- Trasladáronlle unha inquedanza. Agora mesmo cantas traballadoras de Axuda no Fogar hai no Concello? Nos comentaron que había traballadoras que se xubilaron e non se cubriron esas prazas.*

Alcaldesa: O Concello estivo traballando na Relación de Postos de Traballo. Agora estase traballando na estabilización dos postos estruturais. Agora non se pode coller traballadores temporais, salvo para necesidades urxentes e moi puntuais; en tanto non se cubran os postos definitivos ou se externalice o servizo, que é o que vai pasar no caso do Servizo de Axuda no Fogar. O Servizo de Axuda no Fogar, modalidade dependencia, xa está externalizado. E agora está pendente de licitar o SAF Libre Concorrencia. Agora mesmo hai as mesmas persoas no SAF ordinario, pero outras substituíndo ás persoas que se xubilaron.

O voceiro do GPM do Grupo Mixto plantexa os seguintes rogos e preguntas:



*1.- No Decreto 587 vemos unha factura relativa a "gabinete de prensa, 3º trimestre", por importe de 1.875,50 €. Gustaríalle saber que fai o gabinete de prensa exactamente.*

Alcaldesa: Agora mesmo hai unha persoa que está gravando a sesión plenaria. Pois ese traballo entra nese servizo. Así como o de publicar os vídeos dos plenos en internet e na páxina web. Tamén inclúe todo tipo de publicacións que debe facer o Concello en diferentes medios dixitais, etcétera. O Concello de Lousame non ten capacidade para facer todo ese traballo cos seus propios medios: liñas de subvencións, axudas doutros organismos, é dicir, toda a información que sae publicada nas redes sociais do Concello. Tamén elabora contidos para a páxina web.

*1.- Ten noticia de que chegaron fondos da Memoria Democrática a Galicia para exhumar tumbas da dictadura franquista e da Guerra Civil. Vaise facer unha exhumación en Lousame. Quería saber se tiñan coñemento dalgo disto.*

Alcaldesa: Por suposto. A Universidade contactou con nós fai uns meses, un equipo moi solvente dende o punto de vista científico e histórico. Eles estiveron facendo as súas xestións, e dende o Concello axudamos en todo aquilo que o equipo de investigación nos solicitou. Chamárona para ir alí estes días, pero no lle foi posible. Así que o fará o luns ou martes da vindeira semana. Había unha veciña preocupada porque pensaba que os restos dos seus pais podían sufrir... porque sempre empezan a correr rumores. Pero todo o contrario. A predisposición da veciñanza é boa, no sentido de que queren escoitalos. O equipo tamén lle pediu falar cun veciño de Lousame, centenario, pero que está súper lúcido. E alí estiveron con el, conseguindo información que precisaban. Acompañounos a concelleira delegada, Silvia Agrafojo Filgueira. Tamén estiveron no arquivo, para buscar información ao respecto. De igual xeito os puxo en contacto co párroco. Polo que lle manifestaron, cre que o equipo de investigación está contento pola colaboración amosada dende o Concello..

*Voceiro do Grupo Mixto: Sabe cando van iniciar as exhumacións?*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Xa comezaron os traballos. Sacaron a capa superficial do terreo. Marcaron o perímetro onde van traballar.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos (21:45 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

| | |
|---|---|
| A ALCALDESA | A SECRETARIA-INTERVENTORA |
| Mª Teresa Villaverde Pais | Paula Ares Otero |



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 08/03/2023 14:58:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 08/03/2023 15:02:00)
Versión imprimible
CVD: v6WBVyI0nI820KiNsBEw
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.